

**c) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA**

*Anuncio da apertura do prazo de presentación de solicitudes para a inclusión nas listas do pacto colectivo sobre selección temporal de persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario.*

A *Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira* anuncia a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a inclusión nas listas do pacto colectivo sobre selección temporal de persoal nas seguintes categorías: titulados universitarios superiores non sanitarios, titulados universitarios de grao medio sanitarios, titulados universitarios de grao medio sanitarios especialistas, titulados universitarios de grao medio non sanitarios, técnicos con formación profesional superior sanitarios, técnicos con formación profesional superior non sanitario, técnicos con formación profesional básica sanitaria, técnicos con formación profesional básica non sanitarios e outro persoal sen titulación específica.

O texto completo do pacto, o modelo de inscrición e o modelo da folla de aboamento de taxas, cos seus códigos correspondentes, poderán ser consultados na páxina web do Sergas ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), no taboleiro de anuncios da fundación e nas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade, direccións provinciais do Sergas e Secretaría Xeral do Sergas. Nestes últimos lugares tamén poderán recollerse e presentarse as solicitudes.

Os interesados deberán ingresar nas entidades colaboradoras na recadación a cantidade de 15,92 euros para todas as categorías en concepto de taxas de inscrición, segundo o disposto no artigo 51 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, que actualiza as tarifas contidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións. De conformidade co artigo 23.5º da devandita lei, modificado polo artigo 32.2º da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, estarán exentas desta taxa, logo da xustificación documental as persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33% e as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%.

Os titulares en exercicio destes dereitos deberán acreditar documentalmente a súa condición xuntándolle á solicitude o documento xustificativo correspondente.

Os aspirantes deberán presentar a documentación acreditativa dos méritos alegados e fotocopia do DNI autenticados, así como o xustificante do pagamento das taxas no modelo de autoliquidación de taxas da Consellería de Economía e Facenda xunto coa solicitude de inscrición, no prazo de 15 días naturais

que contarán desde o día seguinte ao da publicación no DOG desta convocatoria, nos lugares arriba indicados ou ben persoalmente ou por correo certificado no seguinte enderezo:

*Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira.*  
Área de RR.HH.

Ref./lc.

Paseo do Alcalde Pepe Sánchez, 7.

15270 Cee, A Coruña.

Antonio V. Martínez Calvo

Director da *Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira*

**CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA**

*Anuncio de concurso (referencia S.1/2006).*

1. Entidade adxudicadora: Consorcio para a Promoción da Música a) Dependencia: Secretaría-Intervención. b) Número de expediente: S.1/2006.

2. Obxecto do contrato: fornecemento de material de iluminación de cabeza móbil para a produción da ópera *Rake's Progress*. Prazo de execución: máximo un mes.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto. Forma de adxudicación: concurso.

4. Orzamento base de licitación: 69.600 euros, IVE incluído.

5. Garantía provisoria: non se exige.

6. Obtención de documentación e información: a) Entidade: véxase punto 1. b) Domicilio: Glorieta de América, 3. c) Localidade: 15004 A Coruña. d) Teléfono: 981 25 20 21. e) Fax: 981 27 74 99. f) Correo electrónico: [juanjose.deozamiz@sinfonica-degalicia.com](mailto:juanjose.deozamiz@sinfonica-degalicia.com). g) Data límite de obtención de documentos e información: até o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Clasificación: non se exige.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: quince días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, finalizando ás 13.00 horas. En caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, este quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte. b) Documentación necesaria: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións económicas e documentación técnica: a) Lugar: véxase o punto 6. b) Data: quinto día hábil seguinte ao do transcurso do prazo de licitación. c) Hora: 12.00 horas.

10. Outras informacións: véxase o prego de cláusulas administrativas.

11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 17 de xaneiro de 2006.

Alberto Patricio Alfaya Mcshane

Xerente do Consorcio para a Promoción da Música